

INFORME DE SEGUIMIENTO DE PLAN ECONÓMICO FINANCIERO

ENTIDADE: DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

PERÍODO: SEGUNDO SEMESTRE DE 2018

I.- INTRODUCCIÓN

O artigo 24.4 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira establece que a comunidade autónoma que exerza a tutela financeira elaborará, semestralmente, un informe de seguimento da aplicación das medidas contidas nos plans económico-financeiros en vigor para as entidades locais incluídas no ámbito subxectivo dos artigos 111 e 135 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

No caso de que o informe verifique que non se deu cumprimento ás medidas incluídas no plan e isto motivase o incumprimento do obxectivo de estabilidade, aplicaranse as medidas coercitivas do artigo 25 da citada Lei.

II.- CARACTERÍSTICAS DO PLAN

A Deputación Provincial de Ourense incumpriu a regra de gasto na liquidación do exercicio 2016, coas seguintes magnitudes:

- Capacidade de financiamento: 12.089.751,03 €
- Incumprimento da regra de gasto: -1.554.426,53 €

Ante este incumprimento, a deputación aprobou inicialmente un PEF 2017-2018 con data 22 de decembro de 2017, e tal como establece o artigo 23.4 da citada Lei orgánica de estabilidade, foi remitido a Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda, que no exercicio das competencias en materia de tutela financeira dos Entes Locais, atribuída á Comunidade Autónoma no

artigo 49.1 do seu Estatuto de Autonomía, aprobou este PEF de forma definitiva o 29 de decembro de 2017.

Tendo en conta esta premisa, e de acordo co PEF presentado, o motivo fundamental que provocou o incumprimento da regra de gasto na liquidación do exercicio 2017 é a utilización de remanente de tesourería para gastos como fonte de financiamento das obrigas do exercicio.

Por tanto, e ao no ser unha causa estrutural, senón conxuntural, propóñense as seguintes medidas:

- Os gastos superiores a 2.000,00 euros deberán ser tramitados coa correspondente proposta de gastos asinada polo xefe ou responsable da unidade xestora, que será fiscalizada, salvo aquelas que se refiran a custes propios de servizos reiterados.
- Aumentar o importe de amortización anticipada de débeda que se vén facendo anualmente no importe do incumprimento da regra de gasto.
- O 50% das modificacións de crédito que se realicen –excluídas as destinadas á amortización de débeda- serán destinadas a investimentos financeiramente sostibles.

III- MEDIDAS E PROXECCÍONS DO PLAN

As medidas propostas supoñen efectos económicos para 2017 e 2018 -tanto na estabilidade como na regra de gasto- exclusivamente sobre os empregos non financeiros co seguinte detalle:

Medida	Soporte xurídico	Entidade afectada	Tipo de contabilidade	Capítulo	Data de aprobación	Data de aplicación efectiva	Efecto económico exercicio 2017	Efecto económico exercicio 2018
Racionalización de gastos correntes	4.- Outros	Deputación	Limitativa	3	22/12/2017	30/06/2017	101.077,00 €	103.502,85 €
Racionalización de gastos correntes	4.- Outros	Deputación	Limitativa	2	22/12/2017	30/06/2017	504.649,69 €	516.761,28 €
TOTAL							605.726,69 €	620.264,13 €

Resultado do anterior, proxectábanse os seguintes **obxectivos no plan aprobado**:



Liquidación do exercicio 2017:

- Capacidade de financiamento: 11.817.701,09 €
- Cumprimento da regra de gasto cunha marxe de gasto de 605.763,99 € sobre un teito de gasto de 64.154.448,79 €

Liquidación do exercicio 2018:

- Capacidade de financiamento: 12.175.766,53 €
- Cumprimento da regra de gasto cunha marxe de gasto de 5,82 € sobre un teito de gasto de 65.073.853,23 €

IV.- LIQUIDACIÓN 2018 E EXECUCIÓN DO PEF

Unha vez comprobada a información relativa á liquidación do orzamento do exercicio 2018, así como ao informe de seguimento realizado pola intervención provincial correspondente ao 4º trimestre de 2018, a entidade presenta os seguintes resultados:

- Capacidade de financiamento: 15.214.195,95 €
- Cumprimento da regra de gasto fixada polo PEF cunha marxe de 699.592,26 € sobre un teito máximo de 65.073.853,24 €

O encaixe no PEF vixente da liquidación do orzamento do exercicio 2018 presenta á súa vez os seguintes resultados:



Concepto	Importe
LIQUIDACIÓN 2018	
(A) Capacidade/Necesidade Financiamento da corporación local	15.214.195,95
(B) Diferenza entre "Límite da Regra de Gasto" e o "Gasto computable"	2.344.843,00
(C) Nivel de Débeda Viva	5.150.936,51
OBXECTIVOS DO PEF PARA O EXERCICIO 2018	
CUMPRIMENTO OBJECTIVO ESTABILIDADE ORZAMENTARIA	
(D) Estabilidade Orzamentaria: Capacidade/necesidade financiamento do PEF para o exercicio 2018(Form. 3.1 PEF)	12.175.766,53
(E) Cumprimento/incumprimento do obxectivo de Estabilidade Orzamentaria fixado polo PEF para o periodo 2018	3.038.429,42
Fórmula de cálculo: (E)=(A)-(D)	
CUMPRIMENTO OBXECTIVO REGRA DE GASTO	
(F) Gasto computable Liquidación 2018	64.374.260,98
(G) Límite do Gasto non Financeiro previsto no PEF para 2018(Form. 3.2 PEF)	65.073.853,24
(H) Cumprimento/Incumprimento do obxectivo da Regra de Gasto fixada polo PEF para 2018	699.592,26

Respecto da execución das medidas propostas no PEF para 2018, presenta o seguinte grao de execución:

Total	Efecto económico previsto no PEF ao peche de 2018	Efecto económico previsto en execución ao peche de 2018	Diferenza	Grao de Execución %
EFFECTO ECONÓMICO DO TOTAL DAS MEDIDAS SOBRE EMPREGOS NON FINANCEIROS	620.264,13	885.750,18	265.486,05	142,80
EFFECTO ECONÓMICO DO TOTAL DAS MEDIDAS SOBRE RECURSOS NON FINANCEIROS	0,00	0,00	0,00	100,00
TOTAL DAS MEDIDAS NO GRUPO	620.264,13	885.750,18	265.486,05	142,80

CONCLUSIÓN

A Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos, como órgano de tutela, considera que, á vista dos datos sobre a liquidación do exercicio 2018, a deputación presenta cumprimento da estabilidade orzamentaria respecto da capacidade prevista no seu PEF cunha marxe de 30.038.429,42 €€.



En canto á regra de gasto, segundo os datos resultantes da liquidación do exercicio, presenta cumprimento dos obxectivos previstos no seu PEF cunha marxe respecto ao seu teito de gasto asignado no PEF de 699.592,26 €

Polo tanto, o PEF da Deputación Provincial de Ourense considérase cumprido á súa finalización

Santiago de Compostela, xuño de 2019